

# CURRÍCULO

## Educación secundaria obligatoria

---

### 4<sup>o</sup> Xeografía e Historia

---

## 1. Xeografía e Historia

---

### 1.1 Introducción

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e á análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do seu devir, a través do tempo e do espazo, e a análise do cambio como froito da acción humana implican concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea, á participación e ao compromiso social. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades, exercitar a cidadanía e orientar o seu comportamento cívico, cuestións estas de especial importancia nunha etapa educativa en que o alumnado adolescente precisa de experiencias formativas que lle permitan construír o seu criterio, a súa identidade e a súa autonomía para desenvolverse na súa contorna social. Esta complexa transición prodúcese da etapa de educación primaria á de educación secundaria obrigatoria e, no noso ámbito, implica poñerse en contacto cunha sociedade complexa que lle formula dilemas e na cal o alumnado debe aprender a tomar decisións informadas. A toma de conciencia dos desafíos a que nos enfrontamos na actualidade, así como a valoración crítica das respostas que, ao longo da historia, se lles deron aos retos e problemas que se foron sucedendo, dispoñen a mocidade en situación de actuar xa no presente para garantir a sustentabilidade do planeta e o benestar da humanidade no futuro.

Aínda que se vincula e continúa co proceso de desenvolvemento competencial da área de Ciencias Sociais da educación primaria, a atención particular que se concede agora tanto á Xeografía como á Historia queda xustificada polo seu acusado carácter comprensivo, global e integrador e pola súa conexión con outras ciencias sociais, o que permite contribuír ao logro dos obxectivos e competencias que marcan o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Os obxectivos da materia confírenlle un perfil pertinente no desenvolvemento de dimensións fundamentais da aprendizaxe, como son o traballo sobre a información e as súas fontes a través de recursos variados, incluídos os dixitais, a contextualización das aprendizaxes na contorna local e global, o interese polos obxectivos de desenvolvemento sustentable, o exercicio da solidariedade e a cohesión social, o respecto á diversidade cultural e ás diferentes identidades, o afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores e prácticas democráticas, a valoración e conservación do patrimonio, a defensa da igualdade real entre mulleres e homes, así como a loita contra calquera tipo de discriminación. Para iso hai que combinar as ferramentas e estratexias propias dos métodos de estudo de cada unha destas dúas disciplinas —o

pensamento xeográfico e o histórico— coa capacidade crítica e de concienciación. O pensamento xeográfico enténdese como un conxunto de habilidades para analizar, comprender, transformar e producir novas formas de coñecemento espacial ao redor de conceptos como proximidade, conexión, localización ou distribución espacial, utilizando a escala adecuada en cada caso, desde o local ao global. E é que entender as razóns que configuran o territorio e as paisaxes permite considerar alternativas e, polo tanto, outorga a posibilidade de actuar para construír espazos que favorezan a xustiza social, o equilibrio ambiental e a cidadanía global. Isto require a aplicación de procedementos de análise xeográfica; establecer relacións causais entre diversas variables que explican a complexidade dos fenómenos sociais no espazo; propoñer hipóteses explicativas, e comunicar resultados dunha procura sinxela utilizando as técnicas de representación do espazo e o vocabulario xeográfico. O pensamento histórico defínese como o proceso levado a cabo para interpretar as fontes do pasado e xerar as narrativas históricas a través da reflexión sobre a súa relevancia, a análise de fontes, a discusión sobre as causas e consecuencias dos acontecementos, así como a análise dos cambios e continuidades entre estes, desde unha perspectiva temporal e contextualizada, e con relación a determinados criterios éticos e cívicos. Pero a Xeografía e a Historia non só abordan o pasado, senón tamén o presente e o futuro nun dobre plano: os estudantes deben comprender a súa realidade inmediata a partir dos coñecementos do pasado para tomar decisións futuras sen prexuízos, como cidadáns autónomos e coherentes. E nun segundo plano, a Xeografía e a Historia permiten explicar e entender o presente como un proceso inacabado (eliminando posturas teleolóxicas) sobre o cal é posible actuar desde unha perspectiva científica, para modelar o futuro.

Tanto nos obxectivos como nos criterios de avaliación e nos contidos queda reflectida a visión funcional e activa das aprendizaxes propias da materia. A avaliación dos obxectivos realízase a través dos criterios de avaliación, que miden tanto os resultados como os procesos dunha maneira aberta, flexible e interconectada dentro do currículo. Establécense certas etapas históricas e determinados ámbitos temáticos nos distintos cursos, pero a progresión de contidos está condicionada principalmente pola complexidade dos procesos que se poñen en acción e a madurez persoal e cívica do alumnado, acorde co seu desenvolvemento e capacidades. É precisamente esta multidimensionalidade da avaliación, que relaciona a adquisición de coñecementos, o desenvolvemento e a posta en acción de destrezas e procesos, así como o exercicio e incorporación de actitudes, valores e compromisos, a que debe facer dos criterios a guía das intencións e das estratexias educativas. Porque todas estas facetas formativas deben verse comprometidas nas iniciativas e aprendizaxe do alumnado con base nunha consideración integral da súa formación. Hai, polo tanto, un avance na óptica curricular que profunda na substitución da acumulación enumerativa enciclopedista baseada na memorización de datos polo afondamento do coñecemento, a

aplicación práctica da aprendizaxe e o desenvolvemento de competencias que permitan avaliar o alumnado desde unha perspectiva multifocal. A aplicación dunhas metodoloxías máis activas contribuirá a que o alumnado mostre e potencie todas as súas capacidades, o que fomentará máis a súa motivación e predisposición á aprendizaxe.

Neste sentido, os criterios de avaliación e os contidos, estruturados por cursos e en tres bloques, son concibidos como unha meta e non só como unha base da cal partir, situando no alumnado o protagonismo na súa construción para dotalos de significado e comprender con eles o mundo en que vive. Trátase de non incorrer en enfoques exclusivamente academicistas na presentación e organización dos contidos, tradicionalmente dispostos en campos disciplinares estancos, excesivamente concretos, pechados en ámbitos temáticos e a través de secuencias diacrónicas sucesivas, promovendo unha perspectiva máis aberta e flexible, na cal as dimensións do espazo e do tempo poidan ser interpretadas e desenvolvidas ao longo de todos os cursos, permitindo combinar a xeografía e a historia e conectar os seus métodos e campos de estudo.

O primeiro dos bloques, «Retos do mundo actual», contribúe a que en todos os cursos se preste especial atención aos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global, e está destinado a espertar no alumnado unha mirada crítica e responsable. Tamén a incidir no desenvolvemento de procesos de aprendizaxe relacionados coa sociedade da información e do coñecemento, que exixen unha constante actualización e posta ao día, así como a dispoñer das destrezas e actitudes necesarias para actuar adecuadamente nas plataformas dixitais e redes de comunicación. Con este enfoque baseado en problemas sociais relevantes preténdese espertar no alumnado a conciencia histórica sobre problemas, conflitos e incertezas actuais, complementando as visións xeográfica e histórica da sociedade a través da súa dinámica e evolución no tempo. Perséguese que os xuízos propios e a capacidade de diálogo e de debate estean fundamentados e argumentados, previndo a desinformación, a falta de criterio e as actitudes intolerantes e contribuíndo a que o alumnado sexa capaz de formular solucións ao presente para o futuro.

O bloque de «Sociedades e territorios» está orientado á aplicación de estratexias e métodos das ciencias sociais e, en concreto, dos procedementos e das técnicas que achegan a xeografía e a historia, a través de metodoloxías como poden ser o traballo por proxectos, o desenvolvemento de experiencias de investigación e outras propostas baseadas na indución e na experimentación. Os contidos deste bloque están organizados arredor das grandes cuestións que preocupan a humanidade e que contribúen a explicar a orixe e a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo. Tales cuestións preséntanse, de maneira transversal, a través das distintas etapas históricas, desde a Prehistoria ata a Idade Moderna nos dous primeiros cursos, e no mundo contemporáneo en terceiro e cuarto, contribuíndo en todos os casos á comprensión xeral de

permanencias e cambios, e contextualizando e mostrando, de ser o caso, a conexión co presente dos fenómenos analizados.

O terceiro bloque de obxectivos, «Compromiso cívico local e global», subliña a importancia deste compoñente, que integra, ademais de valores e actitudes (tolerancia, respecto, compromiso...), outros ámbitos asociados ao desenvolvemento persoal do alumnado, como poden ser o sentido da responsabilidade, o desenvolvemento do espírito crítico, a capacidade para crear unha opinión propia ou o sentirse parte activa do devir da sociedade. Estas dimensións son fundamentais para a formación integral, tanto polo sentido que lle outorga ao resto dos saberes, aos cales complementa e lles dá significado, como pola súa proxección social e cidadá.

En cada un dos catro cursos cada bloque divídese, pola súa vez, en epígrafes con aspectos xenéricos clave. Tales bloques non son nin homoxéneos nin equilibrados, polo que non é preciso que se correspondan de forma directa con cada unha das avaliacións do curso ordinario, á vez que permiten subdivisións ou alteracións internas.

A proposta pretende darlles a liberdade suficiente a cada departamento e ao seu profesorado, para a organización destes contidos, a súa programación, secuenciación, parcelación e enfoque. Isto inclúe a posibilidade de realizar un percorrido cronolóxico —diacrónico ou invertido— ou transversal, dentro dos aspectos tratados en cada curso —enténdase referido tamén á metodoloxía e ás estratexias específicas—, en función dos obxectivos e das situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica cun enfoque multicausal e desde a perspectiva do estudo comparado. En calquera caso, a atención á individualidade e á diversidade do alumnado, aos seus intereses e aptitudes, ha de permitir a necesaria diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.

Doutra banda, o papel vertebrador de procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, facilita a formulación de estratexias interdisciplinares ao longo dos catro cursos da etapa. A capacidade de contextualizar as aprendizaxes e conectalas con problemas actuais e retos do presente, desde unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, permite dotalas de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado, así como crear escenarios diversos en que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais que propicien a participación e o compromiso coa contorna e coa comunidade.

## 1.2 Obxectivos

Obxectivos da materia
<p>OBX1. Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Este obxectivo pretende dotar o alumnado das ferramentas, destrezas e capacidades que lle faciliten a adquisición e incorporación de datos, contidos e saberes. Iso implica a utilización de sistemas de procura, bases de datos e plataformas de recursos en contornas dixitais accesibles ao alumnado, ademais da utilización doutro tipo de documentos e fontes xeográficas e históricas de diversa tipoloxía, sobre as cales se poderá analizar e valorar o seu uso veraz, confiable e seguro, e a intencionalidade na interpretación dos procesos.</li> <li>▪ A lectura comprensiva; a crítica de fontes; o manexo, organización e clasificación de datos a través da elaboración de recursos propios, mediante a xeración de bases de datos e táboas; o deseño de esquemas para establecer relacións e conexións; a redacción de textos de sínteses, así como o emprego de estratexias adecuadas para conectar e organizar eficazmente a información compartida, tanto en contornas individuais como colectivas, constitúen outros procesos básicos que hai que incluír.</li> </ul>
<p>OBX2. Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Este obxectivo persegue a xeración de xuízos propios a partir do contraste de distintas fontes de información e da súa conexión con distintas correntes de pensamento e movementos ideolóxicos, así como a súa exposición argumentada a través de diálogos e debates sobre asuntos centrais da actualidade e do pasado. Incorpora o intercambio de ideas e a formación da identidade individual, o afianzamento dunha actitude respectuosa e a creación dunha conciencia cívica que inclúa o respecto a outras formas de pensar e valorar.</li> <li>▪ Por outra banda, a capacidade discursiva, utilizando diferentes medios de expresión e distintas canles de comunicación, debe incorporar o manexo adecuado e correcto de conceptos, datos e situacións acordes co contexto.</li> <li>▪ Finalmente, a consecución deste obxectivo ha de xerar a necesidade de elaborar produtos capaces de reflectir con orixinalidade e creatividade ideas e pensamentos, o que contribúe ao enriquecemento cultural e artístico que conforma o noso acervo común.</li> </ul>
<p>OBX3. Coñecer os principais desafíos aos cales se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas a que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A análise e a comprensión dos fenómenos, situacións ou acontecementos que teñen unha especial relevancia ou interese no mundo en que vive o alumnado é o que se persegue con este obxectivo. O mellor medio para alcanzalo é mediante a aprendizaxe a través de proxectos, retos ou problemas, tanto individualmente como en equipo.</li> <li>▪ Este modo de aprendizaxe outórgalle tamén ao alumnado o protagonismo na construción do coñecemento e un papel activo na xeración de contidos por medio de procesos e estratexias de indagación e investigación, a través</li> </ul>



do manexo de distintas formas de representación gráfica, cartográfica e visual, e do uso correcto, crítico e eficaz dos medios de comunicación, profundando na capacidade de discernir desinformación deliberada e opinións infundadas.

- Igualmente, implica dotar as iniciativas que levan a cabo dun sentido de utilidade, conectándoas con problemas actuais que afectan a súa comunidade e que requiran da súa análise, comprensión e compromiso. Deste xeito, calquera tema do pasado ou do presente adquire significación, na medida en que contribúe a entender a realidade e a valorar propostas e alternativas aos desafíos actuais e ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

OBX4. Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.

- Identificar os elementos e relacións da contorna, o seu equilibrio e evolución, e facelo a partir do descubrimento e da análise é o que busca este obxectivo, que ademais pretende, mediante a explicación multicausal, facilitar a comprensión e a necesaria actitude responsable con vistas á súa conservación.
- Busca, así mesmo, que o alumnado, non sen antes valorar os resultados positivos en certos ámbitos do progreso, a civilización, a técnica e a cultura, se cuestione eticamente as consecuencias do desenvolvemento tecnolóxico e a globalización con respecto á diversidade cultural, a competencia polos recursos, a conflitividade internacional, as migracións, o despoboamento rural e, en xeral, a degradación da vida na Terra.
- Doutra banda, a calidade ambiental dos espazos en que vivimos, sexan contornas naturais, rurais ou urbanas, determina, en varios sentidos, o presente e o futuro do alumnado, que debe valorar as posibilidades que se lle ofrecen para o seu desenvolvemento persoal, pero tamén as limitacións que hai que implementar para asegurar o mantemento e o coidado dos devanditos espazos, atendendo a problemas como a contaminación das grandes urbes e o despoboamento do medio rural.
- O logro deste obxectivo implica tamén a toma de conciencia sobre a gravidade das consecuencias da crise climática e a exigencia de adoptar condutas respectuosas coa dignidade de todos os seres vivos, tendente a asegurar un desenvolvemento sustentable. Debe, ademais, promover posturas activas e de participación con respecto á mellora, en xeral, da contorna, tanto nunha escala local como global, e en favor dunha repartición xusta, equitativa e solidaria dos recursos nun sentido global.

OBX5. Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.

- Mediante este obxectivo preténdese alcanzar o coñecemento e a comprensión dos principios, valores e fundamentos que conforman o noso modelo de convivencia e que están recollidos na Constitución española e plasmados no Estatuto de autonomía de Galicia, garantindo o exercicio das nosas liberdades e dereitos, e promovendo a responsabilidade civil, a iniciativa cidadá, a cohesión social, o cumprimento efectivo dos dereitos e liberdades e a asunción dos deberes cívicos.
- O alumnado ha de ver a Constitución e o Estatuto de autonomía como o produto non só dun determinado momento do pasado próximo —a transición á democracia— senón como o resultado dunha traxectoria máis dilatada no tempo que integra os movementos, accións e acontecementos que, desde distintas culturas políticas,



contribuíron ao afianzamento das ideas e valores que axudaron a conformar o sistema democrático actual. Supón, polo tanto, o recoñecemento da memoria democrática e a análise dos distintos momentos históricos que a conforman, en especial, a perda das liberdades e dereitos tras o golpe de Estado do 1936, así como a visibilización da achega das mulleres, que marcaron, a través do seu compromiso e da acción pacífica, gran parte dos avances e logros do Estado social e de dereito de que hoxe gozamos.

- Perséguese, en fin, proporcionarlle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos; instar o exercicio da mediación para buscar unha xestión pacífica dos conflitos e promover unha actitude de vixilancia ante calquera ameaza ou cuestionamento que non se enmarque no contexto dos procedementos que a propia Constitución inclúe para a súa reforma.

OBX6. Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.

- Busca este obxectivo que o alumnado entenda a multiculturalidade como o froito de procesos históricos de contacto e interrelación entre distintos pobos e culturas e, máis recentemente, do acelerado proceso de globalización. Tamén como o resultado do recoñecemento da diversidade e do respecto á diferenza no seo da propia sociedade, algo que resulta substancial para a formación cidadá e que supón o desenvolvemento dunha actitude favorable ao avance dos dereitos sociais. É por iso polo que resultan necesarios o coñecemento e a valoración dos distintos movementos que foron xurdindo para a defensa dos dereitos e liberdades de colectivos especialmente discriminados e, de maneira referencial, do feminismo.
- Así mesmo, é preciso o coñecemento e difusión doutras culturas, particularmente a propia do pobo xitano, contribuíndo así á valoración das diferenzas culturais, así como o recoñecemento e a difusión da historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, para promover o seu coñecemento e reducir estereotipos. Neste sentido é fundamental erradicar comportamentos segregadores, especialmente os relacionados co xénero e coas diferenzas etnoculturais, así como o desenvolvemento de actitudes e accións en favor da igualdade real entre mulleres e homes, e da convivencia con persoas diferentes.
- O alumnado debe concibir que a comunidade é a suma de todos e cada un e que debemos convivir en igualdade de dereitos, de oportunidades e de responsabilidades, tendo en conta que o benestar colectivo depende tamén das nosas achegas individuais.

OBX7. Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

- Este obxectivo atende aos procesos de identificación colectiva, co fin de alcanzar a comprensión dos distintos elementos que contribuíron á súa construción e evolución, tales como o territorio, a historia, a arte, a lingua e a cultura.
- Persegue, así mesmo, a comprensión dos mecanismos sociais e emocionais que levan a xerar diferentes sentimentos de pertenza ao longo da historia, respectalos nas súas manifestacións e valorar a importancia que teñen as súas múltiples expresións culturais e artísticas, como parte que son do rico acervo común. Así, recoñecer o significado histórico e simbólico do patrimonio material e inmaterial, e impulsar accións tendentes á súa conservación,





promoción e posta en valor como recurso colectivo para o desenvolvemento das nosas vilas resultan procesos fundamentais para que se tome conciencia da súa importancia.

- Os sentimentos de identidade deben valorarse desde as súas diferentes escalas e en relación coas súas consecuencias, tomando conciencia dos conflitos que nalgúns casos contribuíron a ocasionar e da necesidade de recoñecer o sufrimento das vítimas da violencia e do terrorismo.
- De especial relevancia resulta integrar principios de cohesión e solidariedade territorial, así como concibir a nosa presenza no mundo desde un compromiso fraternal e universal que transcenda as fronteiras, asumindo os valores do europeísmo e os principios que emanan da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

OBX8. Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e coa contorna.

- A identificación dos diversos compoñentes que conforman a personalidade (cognitivo, moral, emocional etc.) e o seu devir histórico constitúen o punto de partida deste obxectivo, que persegue, así mesmo, a toma de conciencia do transcurso do ciclo vital, dos seus principais estadios e o papel social que lle correspondeu a cada un deles, así como as diferenzas existentes respecto diso nas distintas culturas, a súa evolución na historia e, de maneira máis próxima, os cambios que se producen arredor das xeracións máis próximas e as relacións entre elas.
- Todo iso implica a análise e coñecemento das razóns polas cales se produce a división do traballo como paso previo para abordar a corresponsabilidade no ámbito familiar e analizar criticamente os roles do xénero e idade, ademais de adoptar un compromiso, neste sentido, coa contorna social próxima. Doutra banda, o traballo e as obrigas laborais foron a base da supervivencia humana ao longo da historia, e dispoñer dunha adecuada orientación profesional e valorar os cambios do mercado laboral son imprescindibles para que o alumnado trace a súa traxectoria académica, asuma as súas responsabilidades e deseñe os seus horizontes de futuro.
- O alumnado ha de entender que a esperanza e a calidade de vida están relacionadas tamén cos estilos de vida e hábitos que se adquiren individual e colectivamente na contorna cultural e familiar.
- Relacionado co anterior, preténdese que oriente o esparexemento cara a actividades enriquecedoras, contribuíndo a un uso adecuado e ético da tecnoloxía e promovendo o compromiso activo e o voluntariado.

OBX9. Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, das súas institucións e doutras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.

- A seguridade integral, garantida por institucións e entidades, constitúe a base da convivencia na nosa sociedade e do exercicio da cidadanía. No mundo global de hoxe a seguridade debe concibirse dun modo xeral, así como tamén no contexto das relacións e interaccións con outros pobos. Mediante a consecución deste obxectivo búscase que o alumnado logre coñecer os grandes fluxos de difusión cultural e técnica e do comercio internacional, así como no contexto das relacións políticas e diplomáticas, sen eludir a análise crítica dos conflitos e do recurso á forza; valorar o papel que representaron os distintos territorios e sociedades nesas redes de intercambio, marcadas pola desigualdade e polas percepcións etnocéntricas, tratando de evitar lecturas mitificadoras duns e reducionistas doutros; considerar e valorar toda achega á civilización europea e mundial do noso país con perspectiva e desde a consideración de valores universais relacionados coa paz, a cultura, a xustiza e a solidariedade;



interesarse pola realidade internacional e os problemas existentes no mundo en que vivimos, tratando de que valore a formación de alianzas internacionais como un elemento imprescindible para lograr afrontar os grandes retos a que se enfrenta a humanidade, e asumir o compromiso colectivo de formar parte de programas e misións que contribúan á seguridade e á paz mundial, e á cooperación con outros países en situación de emerxencia ou pobreza, baixo a garantía de organismos e entidades estatais e internacionais que aseguren o logro dos grandes compromisos contidos nos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

### 1.3 Criterios de avaliación e contidos

#### Cuarto curso

Materia de Xeografía e Historia 4º curso	
Bloque 1. Retos do mundo actual	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.1. Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes</li> </ul>	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.2. Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.</li> </ul>	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.3. Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.</li> </ul>	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.4. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.</li> </ul>	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.5. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.</li> </ul>	OBX9



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal.</li> <li>▪ Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento.</li> <li>▪ Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.</li> </ul>	
Bloque 2. Sociedades e territorios	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.1. Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.</li> </ul>	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.2 Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.</li> </ul>	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.3. Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.</li> </ul>	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.4. Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.</li> </ul>	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.5. Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e dos seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.</li> </ul>	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.6. Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.</li> </ul>	OBX 3
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.7. Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.</li> </ul>	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.8. Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional, da comprensión e posta en valor da nosa memoria democrática e dos aspectos fundamentais</li> </ul>	OBX5



que a conforman, da contribución dos homes e mulleres a esta, e a defensa dos nosos valores constitucionais.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.9. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.</li> </ul>	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.10. Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.</li> </ul>	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.11. Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza e adoptando compromisos con principios e accións orientados á cohesión e solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</li> </ul>	OBX7

#### Contidos

- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.
- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.
- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencia. O movemento obreiro e a súa evolución.
- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.
- Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia.
- O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea.
- A evolución cultural da España do século XIX ao século XX e a formación dunha identidade multicultural compartida. Do Rexionalismo ao Nacionalismo na España periférica. O caso galego.
- As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna.
- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas. Realismo, impresionismo e postimpresionismo. Movementos artísticos do século XIX en España e Galicia.
- As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo.
- Conflitos e violencias provocadas a fins do século XIX e na primeira metade do século XX: da paz armada á Primeira Guerra Mundial. Principais acontecementos da guerra e as súas repercusións. Estudo crítico e comparativo.
- As relacións internacionais como consecuencia da Primeira Guerra Mundial: da Revolución Rusa á aparición dos



totalitarismos (fascismo e nazismo). A economía de entreguerras como detonante político e social: o crack do 29. O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco.

- A conquista dos dereitos individuais e colectivos no século XX. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais e democráticos en España e no mundo a través das fontes: A Segunda República española.
- Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos.
- Conflitos e violencias no período de entreguerras: orixe, desenvolvemento e consecuencias directas da Segunda Guerra Mundial. Estudo crítico e comparativo. O holocausto xudeu e as súas consecuencias na historia mundial.
- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas: do expresionismo á abstracción. A vangarda europea na primeira metade do século XX: o cubismo e o surrealismo a través dos principais artistas españois e galegos.
- Os fundamentos xeoestratégicos desde a segunda metade do século XX ata a actualidade, a política de bloques, os conflitos da descolonización en Asia e África e a nova orde mundial. O papel dos organismos internacionais.
- O proceso de construción europea. Integración económica, monetaria e cidadá. As institucións europeas. A extensión do Estado do benestar en Europa. O futuro de Europa.
- As transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI: a globalización e a era da internet. Dimensión ética da ciencia e da tecnoloxía. Cambios culturais e novos movementos sociais: feminismo, ecoloxismo e pacifismo. Os medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais.
- A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.
- A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado.
- A transición política e a configuración do Estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O Estado do benestar en España.
- A memoria democrática. Experiencias históricas dolorosas do pasado recente. Represión durante a ditadura. Recoñecemento e reparación das vítimas da violencia.
- Os fundamentos xeoestratégicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade.
- Expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial: as segundas vangardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. A arte actual en España e Galicia.

### Bloque 3. Compromiso cívico e global

Cráterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA3.1. Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e dos seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.</li> </ul>	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA3.2. Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.</li> </ul>	OBX 5



<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.3. Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.</li> </ul>	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.4. Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.</li> </ul>	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.5. Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientados á cohesión e á solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</li> </ul>	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.6. Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.</li> </ul>	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.7. Recoñecer as iniciativas da sociedade civil, reflectidas en asociacións e entidades sociais, adoptando actitudes de participación e transformación no ámbito local e comunitario, especialmente no ámbito das relacións interxeracionais.</li> </ul>	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.8. Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.</li> </ul>	OBX9

#### Contidos

- Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información.
- Compromiso cívico e participación cidadá. Mediación e xestión pacífica de conflitos e apoio ás vítimas da violencia e do terrorismo.
- Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.
- Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.

- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.
- Os valores do europeísmo. Fórmulas de participación en programas educativos europeos.
- Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional.

#### 1.4 Orientacións pedagóxicas

A intervención educativa na materia de Xeografía e Historia desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Xeografía e Historia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3		4	1-2		1		
OBX2	1-2			2		1-3	3	3
OBX3			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4					2	1-2-3-4	1	
OBX5	5					1-2		1
OBX6	5				3	1-2-3		1
OBX7		3			1	1-2-3		1
OBX8			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9	2					1-2-3-4	1	1

### Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

- Unha organización, programación e secuenciación de contidos, abordadas desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e das situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado.
- Un enfoque metodolóxico eminentemente práctico e activo que siga a máxima de que se aprende facendo e que inclúa a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, que reforzará a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Ademais, este modo de aprendizaxe outórgalle tamén ao alumnado o protagonismo na construción do coñecemento e un papel activo na xeración de contidos por medio de procesos e estratexias de indagación e investigación, a través do manexo de distintas formas de representación.
- Unha concepción do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento no alumnado, axustándose ao nivel competencial inicial deste e tendo en conta a atención á súa diversidade e individualidade. Isto permitirá, ademais, adaptarse aos seus intereses, aptitudes e diferentes ritmos, así como prever as dificultades de aprendizaxe e deseñar, de ser o caso, os necesarios mecanismos de reforzo. Ten que permitir, igualmente, a necesaria diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión.
- A formulación de estratexias interdisciplinares para as que esta materia representa un papel central como eixe vertebrador, na medida en que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento. Isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe desde unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.
- A contextualización das aprendizaxes e a súa conexión cos problemas actuais e retos do presente, desde unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, facilitando dotalas de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permitindo crear escenarios diversos en que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais que propician a participación e o compromiso co contorno e coa comunidade.
- A interacción no seo do grupo, incluída a persoa docente, coa resolución de interrogantes e a exposición argumentada a través de diálogos e debates sobre asuntos centrais da actualidade e do pasado, facilitando o intercambio de ideas e a formación da identidade individual, o afianzamento dunha actitude tolerante e a creación dunha conciencia cívica que inclúe o respecto a outras formas de pensar e valorar.